



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tif. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE INTERPRETE LINGUAXE DE SIGNOS NOS PLENOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**.

A finais do ano 2018, os datos indicaban que en Galicia 24.108 persoas xordas tiñan un certificado de discapacidade superior ao 33% por perda auditiva. Estes datos son do Censo de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, pero non tódalas persoas xordas ou con perda auditiva teñen ese 33%, e moitas delas que si o teñen, non fixeron a solicitude para esa certificación oficial.

Nun dos últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) indicábase que na nosa Comunidade, a cifra de persoas con discapacidade por perda auditiva era de 85.000 persoas. As cifras xa citadas da Xunta de Galicia de 2018 indicaban que máis de 4.000 están catalogadas como perda leve; superan as 8.000 perda media; 5.405 severa; 2.545 profunda; 763 como xordeira; 816 xordomudez; 687 total. Sendo na nosa provincia de Ourense uns datos de 3.890 persoas.

A Lei 27/2007 define as persoas xordas con discapacidade auditiva como aquelas a quen por tal motivo se lles teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, que atopan na súa vida cotiá barreiras de comunicación, e que, para superalas, requiren de medios e apoios. Sen embargo, en moitas ocasións utilizamos o termo xordeira, perda auditiva ou discapacidade auditiva como sinónimos, cando o certo é que existen diferentes tipos e graos desta discapacidade, e que non todas as persoas presentan as mesmas características nin teñen as mesmas necesidades.

En Galicia, as persoas xordas contan con Asociacións nas cidades onde reciben apoio e axuda con diferentes trámites, clases de lingua de signos, facilítanlle intérpretes, servizos de logopedia, psicólogos, emprego, etc. Reúnense todas elas na Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Aquí en Ourense temos a “Asociación de Personas Sordas de Ourense” (APSOU).

Unha das grandes reivindicacións da poboación con perda auditiva é poder vivir en igualdade para poder ter unha vida normalizada, que se cumpran as Leis que defenden os seus intereses, como por exemplo a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual de 2010, onde se establece unha porcentaxe de subtítulos e de horas de linguaxe de signos que deben ter as canles de televisión pública, e onde mesmo a TVG incumpre esta norma. Tamén as súas demandas van ao eido sanitario, onde unha simple visita as urxencias pola noite ou en fin de semana non terán intérprete e por exemplo non oírán unha chamada pola megafonía.

A lingua de signos é o medio de comunicación natural e principal das Persoas Xordas. Unha lingua que non é universal, senón que o igual que sucede coas diferentes linguas orais, as persoas xordas de distintas partes do mundo teñen a súa propia lingua de signos nativa. A día de hoxe, a lingua de signos en España goza de recoñecemento oficial por



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

parte do Estado a través da Lei 27/2007 de 23 de outubro pola que se recoñece a oficialidade da Lingua de Signos Española e a Lingua de signos Catalana. Ademais, temos a celebración do Día Nacional das Linguas de Signos Españolas, que se celebra anualmente o 14 de xuño.

Entre os principais obxectivos desta Lei está facilitar os acceso as persoas con discapacidade auditiva y xordocegas na información e comunicación, tendo presente a heteroxeneidade e as necesidades de cada grupo, garantindo, así mesmo, o acceso pleno a educación, os servizos, a vida económica, a cultura, aos medios de comunicación e as novas tecnoloxías.

Son xa moitos os concellos españois e galegos, así como tamén as Deputacións Provinciais entre as que se atopan as de A Coruña e Lugo que xa contan con intérprete para poder seguir os correspondentes plenos,

Por todo o exposto o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Solicitamos a Deputación Provincial que realice os trámites oportunos para a posta en marcha deste servizo, tanto presencial nos plenos como na emisión dos mesmos a través de streaming.
2. Co obxectivo de que esta medida sexa o máis efectiva posible, solicitamos o contacto permanente e as reunión necesarias coas Asociacións existentes nesta provincia destes colectivos para que poidan dar traslado as súas propostas a esta Deputación para a mellora a implantación dos servizos necesarios.

En Ourense, 17 de xaneiro de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**